



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL (CANTO)

Segundo establece o Decreto 183/2001, do 19 de Xullo, polo que se establece o currículo do Grado superior dos ensinos de música, a materia de Canto repartida en catro cursos, consistirá: no perfeccionamento das capacidades artísticas, musicais e técnicas que permitan abordar a interpretación do repertorio máis representativo do instrumento e o coñecemento dos criterios interpretativos aplicables a este repertorio de acordo coa súa evolución estilística.

CURSO 1º:

Neste curso prepararanse: Un nº de conxunto e un aria de música sacra, un acto completo de ópera que inclúa como mínimo un nº de conxunto e un aria, un acto completo de zarzuela que inclúa como mínimo un nº de conxunto e unha romanza, 2 lieder, 2 cancións italianas e 2 cancións españolas.

CURSO 2º:

Neste curso prepararanse: unha ópera completa que inclúa como mínimo dous números de conxunto e dous arias, unha zarzuela completa que inclúa como mínimo un número de conxunto e unha romanza, 5 lieder, 3 cancións de concerto e 2 cancións españolas.

OBXECTIVOS:

- Discernir os diferentes estilos musicais das diferentes épocas e autores.
- Profundar en todos os aspectos técnicos e estilísticos.
- Desenvolver unha capacidade interpretativa que lle permita abordar o repertorio correspondente.
- Controlar as características da propia voz: extensión, timbre, flexibilidade, cor e todo tipo de calidades expresivas.
- Desenvolver os recursos vocais que lle permitan aplicar os coñecementos da fonética e sintaxes particulares de cada lingua.



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL (CANTO)

CONTIDOS:

- Tratamento vocal diferente en función do estilo e o autor.
- Exercicios de articulación, fraseo e afinación.
- Traballo das posibilidades expresivas e creativas en relación coa interpretación musical.
- Exercicios técnico- vocais e a súa aplicación práctica nas obras a interpretar.
- Análise das particularidades lingüísticas e fonéticas aplicadas ás obras a interpretar.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Executar as obras sempre atendendo ao estilo da época e ao autor.
- Demostrar sensibilidade auditiva coa afinación, articulación e fraseo no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Demostrar o dominio na execución de obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar ter unha cantidade de recursos suficientes como para adaptarse ás esixencias da partitura.
- Demostrar a capacidade de cantar pronunciando correctamente, respectando a técnica da impostación da voz sen que un aspecto vaia en detrimento do outro.

Todos estes criterios de avaliación mediranse mediante:

- A observación da evolución de cada alumno ao longo do curso na execución dos contidos descritos.
- A demostración, se o profesor considéraseo oportuno dun recital público no que se poñan de manifesto os Contidos descritos*

*O alumno que decida examinarse en setembro, deberá sempre someterse a este apartado.